

## ATA MAÑÁN

Beiramar, a 14 de febreiro de 2007

Meu amado Telmo:

Hoxe, como cada día e destas horas dende hai algo máis de dúas semanas, acabo de chegar do peirao. Pasei toda a tarde sentada, mirando ao mar, tan inmenso, tan bravo, tan calado das túas novas... Batía contra min con forza, acadando ata o derradeiro recuncho do meu corazón, alí, onde o seu sabor salgado facía laiar a ferida do teu baleiro.

Parece que foi onte cando nos vimos por primeira vez, e pasaron case xa dez anos. Eu estaba a remendar as redes de meu pai e ti chegabas do mar na túa dorna. Traías a mirada cansa e as mans baleiras; non se dera a pesca aquel día. Cando se cruzaron os nosos ollares, souben que ti serías para sempre o timonel do meu corazón. Días máis tarde, na verbena da Festa do Carme, pidéchesme un baile. Botamos unha peza sen dicir ren. Ao rematar, dechésme ás agachadas unha figuriña dunha sina de madeira, que fixeras ti mesmo coa túa navalla. Comenzaron falar os nosos ollos, planeando o inicio dunha mesma singladura.

Cada serán agardaba por ti no peirao, remendendo as redes. As túas mans viñan para min sempre cheas, arrincando do máis agochado a existencia do amor, para facela presente no anaco de mar que me traías na curtida pel da túa faciana.

Mais hai dúas semanas non voltaches. Non sei cantas veces mirei o reloxo aquela tarde, tratando de me enganar a min mesma, pensando que non era aínda a hora. Unha especie de nerviosa inquedanza apoderouse de min; e non facía máis que traballar a reo nas redes, coa mirada fixa no espazo inmenso do mar. Caeu a noite e non viñeches. Vin para á casa, volvendo a cada pouco a miña cabeza atrás e pedíndolle á Nosa Señora que mirase por ti, por nós...

Cada tarde, dende entón, sento no peirao e escoito atenta como o mar latexa co teu corazón namorado, botando as túas palabras ao ar, para que o mesmo ar as grave a lume lento nas miñas entrañas, para que a beleza real de este amor permaneza nos miolos das nosas almas. Testemuña desta mensaxe, deixo a mirada perdida no horizonte,

soñando esperta co noso reencontro, mentres unha salgada bágoa do mesmo mar esvara dos meus ollos.

Entretanto, o mar bate contra min, dándome a túa cariña de eternidade, esperando a miña resposta á súa chamada coa túa voz. Ti, o mar, os dous que sodes un, estades en min, dentro...

Por iso, nesta a noite máis escura, non podo, meu amado Telmo, dicirche adeus. Dígoche “ata mañán”... E ese mañán chegará cando me recolla no peirao a miña onda máis desexada, esa que me leve a ti, para seguir remendando as túas redes, mentres o mar tece de branco os nosos cabelos...

A túa sempre fiel redeira:

Estela